

CARBALLO
PROGRAMA
XULLO E
AGOSTO
2021

VERÁN CULTURALS

MÚSICA
BAILE
MAXIA
CIRCO
CINE...

V 16 xullo | 20.30

Rúa Alcalde Jacinto Amigo Lera
Acceso libre ata completar aforo



GRUPO DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL XACARANDAÍNA

O Grupo de Música e Baile Tradicional Xacarandaina naceu fai 40 anos xunto coa Asociación que leva o seu mesmo nome. O Grupo é un gran referente da cultura do noso país pola súa labor histórica na recuperación do noso patrimonio cultural, tendo como obxectivo a investigación do folclore galego, facendo un importantísimo traballo de campo, recuperando

músicas, bailes, danzas, cancións, instrumentos e traxes autóctonos.

A través do programa Danza3, Xacarandaina presentará en Carballo o seu espectáculo de rúa coa súa cuidada coreografía e vestuario da nosa terra, un traballo incansable por manter o noso, o noso patrimonio cultural inmaterial que tan rica fai a Galicia.

COLABORAN:



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

X 22 xullo | 20.30

Rúa Alcalde Jacinto Amigo Lera
Acceso libre ata completar aforo



BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE BRIÓN

A Banda Municipal de Brión, comenza a súa andaina no ano 1997, está formada na súa maioría por músicos novos que proceden principalmente da Escola de Música de Brión, que trata de levar a cabo un traballo que lle permita acadar día a día unha mellor calidade musical e técnica, e que conta cunha grande experiencia musical

en interpretación de diversos estilos de obras, música clásica, moderna, bandas sonoras, ...



COLABORAN:



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

V 23 xullo | 20.00

📍 Rúa Alcalde Jacinto Amigo Lera
Acceso libre ata completar aforo



A BANDA DO VERÁN > A CASA DO TERROR

Pulgas zombis, o lobo lover, ratatiburóns, gativampiros, a pantasma con asma, e moitos máis monstruos son os protagonistas da Casa do terror. Unha aventura chea de historias terroríficas con moita música, amizade a superación dos propios medos. Xoán Curiel e a Banda do Verán presentan un divertido e dinámico espectáculo musical con cancións,

danza, teatro e clown e onde a participación do público será a esencia deste concerto para familias.

Gañador da VI Premio Martín Códax á mellor música infantil.

COLABORA:



Deputación
DÁ CORUÑA

X 29 xullo | Todo o día

 Praia de Razo



MAGO ANTÓN

A VOLTA A GALICIA EN 313 CONCELLOS

O Mago Antón levará á praia de Razo o seu magomóbil, un vehículo deseñado para a presentación de espectáculos de maxia, no que público de todas as idades gozarán de numerosos trucos de maxia de creación propia cun ritmo trepidante.

Haberá 8 sesións ao longo de todo o día, con aforo limitado a 30 espectadores por función, e terá que realizarse a reserva previa na Biblioteca Rego da Balsa ou no posto da Praia dos Libros en Razo.

Sesións: 13.00 / 16.00 / 17.00 / 18.00 / 19.00 / 20.00 / 21.00 / 22.00
Reserva previa na Biblioteca Rego da Balsa ou na Praia dos Libros en Razo
Aforo limitado

COLABORAN:



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

X 29 xullo | 21.30

📍 Rúa Alcalde Jacinto Amigo Lera
Acceso libre ata completar aforo



LA CREMA © > A RAS DE SUELO '21

LA CREMA© non é só un grupo musical, nin un grupo de amigos unidos por un mesmo fin, é algo máis, é unha sémola que foi crescendo, que despois de anos en silencio retoman o camiño cun concerto na vila onde os viu empezar e onde queren ofrecer o mellor da súa música.

Esta formación realizou diversas gravacións ao longo da súa traxectoria, ademais conta cunha produtora e con estudio de son propio, unha aposta forte pola súa música e por reivindicarse como un dos grupos de rock máis importantes de Carballo.

ORGANIZA:

LA CREMA

COLABORAN:



CONCELLARÍA
DE CULTURA

V 30 xullo | 22.00

📍 Rúa Alcalde Jacinto Amigo Lera
Acceso libre ata completar aforo



BUDIÑO & PABLO NOVOA > DIARIO DE NAVEGANTES

Budiño e Pablo Novoa son dous piares fundamentais da música de Galicia que colaboran nun novo proxecto artístico conxunto, un cara a cara musical, cada un coa súa propia obra, que configura a historia musical dunha terra.

A amizade e complicidade entre ámbolos dous é o eixo deste concerto, onde existe tamén unha identificación telúrica natural, o feito de nacer no mesmo Mar da Ría de Vigo.

O repertorio de Diario de navegantes é unha alternancia dos moitos éxitos dos dous creadores, mesturado con novas músicas creadas expresamente para este espectáculo e versións que marcaron a vida musical de cada un deles. En todas as cancións, un fúndese no outro para ofrecer versións novas.

Mentres o mundo xira á deriva, a viaxe con estes dous navegantes pode ser unha gustosa andaina polo mundo da música de raíz, do pop, o rock e a vangarda musical galega.

COLABORA:



Deputación
DA CORUÑA

V 6 agosto | 20.00


📍 Rúa Alcalde Jacinto Amigo Lera
Acceso libre ata completar aforo



CIRCO CHOSCO > OH-PERA

Circo, humor, equilibrio e acrobacia nunha ópera surrealista na que os actos entrelázanse entre sí dunha forma divertida que non entende de lóxica ou época.

Un espectáculo moi divertido e cheo de sorpresas para público familiar grazas a unha das compañías máis importantes de circo en Galicia.



COLABORA:



Deputación
DÁ CORUÑA

V 6 agosto | 22.00

Aparcadoiro Pazo da Cultura



Baiuca > EMBRUXO

Percusión, muiñeiras, cantares tradicionais e sintetizador. Todo isto e máis é Baiuca. Unha mistura perfecta entre o folk e a música electrónica, que evoca directamente á cultura máis ancestral de Galicia, coa inspiración da poesía de Curros Enríquez ou Amado Carballo e as coplas do Cancioneiro Popular Gallego.

Baiuca presentará en Carballo o seu segundo traballo Embruxo, que conta coa colaboración do percusionista

Xosé Lois Romero, acompañado das pandereiteiras e cantareiras Lilaina, e das magníficas colaboracións como a do artista Rodrigo Cuevas ou o frautista-gaiteiro Cristian Silva.

Neste disco están presentes seres místicos ou elementos da natureza como as lavandeiras, as meigas, o díaño, a lúa, o carballo, as herbas de San Xoán... imaxes que son parte do imaxinario visual creado polo videoartista Adrián Canoura para Embruxo.

Aceso: Comunicaranse as condicións de entrada o 30 de xullo

V 13 agosto | 22.00

Rúa Alcalde Jacinto Amigo Lera
Acceso libre ata completar aforo



MARAYA ZYDECO > MARAYA ZYDECO

Maraya Zydeco é unhas das poucas bandas europeas que traballan o xénero cajun, zydeco, e que consegue crear bastante espectacularidade ao escoitar un acordeón interpretando esas músicas, moi próximas á música galega. Maraya é o nome artístico da acordeonista María A. Santiago que, aínda que procede do contexto clásico, sempre tivo especial sensibilidade por

este estilo fortemente irmanado coa nosa música tradicional.

En directo o cuarteto tamén relembra aos clásicos, achegando a súa visión particular dos máis grandes referentes do xénero, coma Clifton Chenier, Buckwheat Zydeco ou Rosie Ledet, entre outros.

COLABORA:



Deputación
DA CORUÑA

V 20 agosto | 22.00

Rúa Alcalde Jacinto Amigo Lera
Acceso libre ata completar aforo



PEPE VAAMONDE GRUPO & XISCO O MELLOR DOS CATRO ELEMENTOS

Tras vinte anos de existencia a banda de Pepe Vaamonde quere festexar a nova década ofrecendo un espectáculo en directo para esta tempada, composto polos mellores temas dos seus catro traballos discográficos.

O mellor dos catro elementos recolle pezas instrumentais de composición

propia e cancións tradicionais magnificamente interpretadas por Xisco, artista multifacético e gran coñecedor do folclore galego e membro de numerosas formacións e agrupacións de Galicia.

COLABORAN:



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



M 25 agosto | 13.00



Praia de Razo
Acceso libre ata completar aforo



A TROPA DE TRAPO > BARQUIÑO DE PAU

Canta, Buguina, canta!

Soprando a nosa buguina,
comezaremos a nosa viaxe nun
Barquiño de Pau. Veremos illas onde
viven caracois, galiñas poñedoras e
vacas. Cantaremos cancións de gaivotas
e moverémonos coma nécoras.

E tamén con moita música, ao son do
acordeón, da mandola portuguesa, do
dizi chinés ou co propio corpo.



COLABORAN:



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

Xullo e agosto

NOITES DE CINE



V 9 xullo | 22.00



Rúa Alcalde Jacinto Amigo Lera

A GALIÑA TURULECA

A galiña Turuleca é unha galiña singular. O seu peculiar aspecto provoca as burlas do resto do galiñeiro. Un día, Isabel, unha exprofesora de música, lévaa a vivir a súa granxa e todo cambia para Turuleca, xa que descobre o seu verdadeiro talento: cantar.

Película premiada con Premio Goya 2020 á Mellor película de animación.

79 MINUTOS / TODOS OS PÚBLICOS

COLABORA:



Deputación
DA CORUÑA

X 15 xullo | 22.00



Praia de Razo

A ILLA DAS MENTIRAS

Xaneiro de 1921. O busque Santa Isabel, con destino Bos Aires, e con 260 pasaxeiros a bordo, afúndese en fronte á escarpada e dura costa da Illa de Sálvora en Galicia. Esta é a historia do que verdadeiramente sucedeu no rescate de 50 persoas a mans de habitantes da illa e de como cambiou as súas vidas.

93 MINUTOS / MAIORES DE 12 ANOS

X 12 agosto | 22.00



Pedra do Sal - Baldaio

SPIDER-MAN: LONXE DO CASO

Peter Parker decide pasar unhas merecidas vacacións en Europa xunto ao seus amigos Ned e Michelle, pero os seus plans son truncados cando Nick Fury lle encomenda unha nova misión: frear o ataque dunhas criaturas que están causando o caos no continente.

130 MINUTOS / MAIORES DE 7 ANOS

X 19 agosto | 22.00



Rúa Alcalde Jacinto Amigo Lera

ONS

Vicente e Mariña viaxan a Ons para pasar o verán. Él aproveitará as vacacións para recuperarse dun accidente e das súas consecuencias psicolóxicas. Co paso dos días, o matrimonio irá descubrindo segregos gardados da súa relación de parella.

Película premiada co Premio Mestre Mateo 2021 á Mellor película.

87 MINUTOS / MAIORES DE 12 ANOS

E, ADEMAIS...

A PRAIA DOS LIBROS

> Xullo e agosto | Praia de Razo

A Praia dos Libros, un novo espazo compartido polas Bibliotecas de Carballo abriu portas na praia de Razo, cunha bibliopraia que estará aberta de luns a venres, de 13.30 a 17.30 no mes de xullo e de 13.30 a 16.30 no de agosto, e funcionará co mesmo sistema que as bibliotecas da vila.

COLECTIVO RPM

RESIDENCIA PARA_ISO CON MARTA VALVERDE

> Do 12 ao 23 de xullo | Pazo da Cultura

O Concello de Carballo colabora un ano máis co programa Residencias Para_iso, organizadas polo colectivo RPM co apoio da Axencia Galega das Industrias Culturais da Xunta de Galicia, que financia aos artistas participantes, e consta de varias proxectos de creación colectiva, para o apoio á creación artística e a súa posta en valor ante os espectadores, xunto coa colaboración con institucións, entidades e colectivos relevantes na creación cultural de Galicia.

Esta ano a residencia estará a cargo da realiza a artista Marta Valverde e o

seu proxecto 30' 70 60' 120,e que se realizará desde o 12 ao 23 de xullo.

Como parte do traballo de investigación dentro da residencia Paraíso que están a desenvolver Marta Valverde terán lugar dous encontros que terán a forma de charla, taller e/ou diálogo nos que se pretende crear un espazo non mixto e seguro para investigar xuntas sobre a muller e a sexualidade feminina no mundo contemporáneo.

Xoves 22 de xullo

De 11.00 a 13.00

+ INFO: rpmcolectivo@gmail.com



ORGANIZAN:



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

COLABORA:



PRINCIPAIS MEDIDAS ESTABLECIDAS NO PROTOCOLO DE PREVENCIÓN SANITARIA EN RELACIÓN Á CRISE DO COVID 19 PARA A REALIZACIÓN DO VERÁN CULTURAL 2021



As instalacións e infraestructuras limpanse e desinfectaranse antes do seu uso.



A acomodación do público será exclusivamente en cadeiras con entrada limitada ás butacas dispoñibles.



Acceso: será gratuito, controlado e por orde de chegada ata completar aforo. Menores acompañados dun adulto.



Será obrigatorio cubrir formulario con datos dos asistentes na entrada do recinto tal como establece a normativa vixente.



Apertura de portas 1 hora antes do inicio do espectáculo



A entrada e saída das instalacións realizarase de forma graduada, por circuitos diferenciados, mantendo a distancia de seguridade e unha vez abandonado o recinto non se permitirá volver a acceder.



Será obrigatoria a desinfección de mans e o uso de mascarilla para todos os asistentes.

ORGANIZA:



CONCELLARÍA
DE CULTURA

COLABORAN:



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



Deputación
DA CORUÑA



AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS

POLICÍA LOCAL
PROTECCIÓN CIVIL
BRIGADA MPAL. DE OBRAS

+ INFO:



Cultura Carballo
www.carballo.gal

